



BLOG

LIBROS

ILUSTRACIONES

EVENTOS

BIO

CONTACTO

Landereineando non-stop (I)

O título é por resumir. Pero é verdade. Se é que *landereinear* é unha palabra, cousa que dubido pero que, tal día como hoxe, me importa pouco. Ala!

O caso é que o martes, como xa vos contara, presentei en Vigo *Feitizo de Sangue*, o segundo volume de *As Crónicas de Landereina*. O acto tivo lugar en (que seica está de aniversario, parabéns!) onde nos acolleron co agarimo que, penso eu, só queda nas librarías de verdade.



Foto: Librouro - Si, estou despeinada. Cousas do directo.



Foto: Librouro - Posando con Francisco Castro para La Voz



Foto: Librouro - Miña irmá di que non defraudo, no canto de chamarme parva, quero dicir

Como vedes, estiven acompañada de como editor de Galaxia, que falou desta aventura que é facer libros e aturar a escritoras de fantasía coma min. Eu prepareime unhas notiñas e falei deste novo libro e tamén de escribir. Porque escribir, cando un o necesita, non é só contar historias, senón facer terapia.

Faltoume xente entre o público. Houbo quen estaba moi lonxe e houbo quen estaba só un pouco lonxe, pero todos e todas me mandaron azos, bicos, e apertas. Por iso, E por iso, gravei todo en vídeo. Para parellas, pais, familia, amigas e amigos. E se vós tamén queredes botarlle un ollo,

Publicado por Sabela González

Categorías: eventos , landereina , libros